



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona María García Ferro, Secretaria - Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

CERTIFICA:

Que o pleno da corporación municipal en sesión ordinaria celebrada en data 15/05/2025, entre outros, adoptou o seguinte acordo que a tenor literal dí:

“PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DO PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL, SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Polo sr. Alcalde presidente dáse conta da proposta de alcaldía de data 07/05/2025 e que literalmente di

“PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Expediente núm.: 73/2025

JOSÉ LUÍS RAPOSO MAGDALENA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

A Constitución Española, reconece como dereitos fundamentais a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade (Artigo 10.1) , a igualdade e non discriminación por razón de sexo en sentido amplo (Artigo 14), o dereito á vida e á integración física e moral, así como a non ser sometidos a tratos degradantes (Artigo 15), e dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (Artigo 18.1). O artigo 35.1 da Constitución incorpora, á súa vez, o dereito á non discriminación por razón de sexo e no ámbito das relacións de traballo.

Ademais, , no seu artigo 9.2 dispón que corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social. O artigo 10.1 da Constitución tamén impón ós poderes públicos o deber de protexer a dignidade da persoa que se ve afectada polos tratos discriminatorios.

A Lei Orgánica, 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da un gran paso prohibindo expresamente o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, así como definindo as condutas (artigos 7,8,48 e 62). Establece especificamente no seu artigo 62 e disposición final sexta, o compromiso das Administracións Públicas de negociar coa representación legal das traballadoras e traballadores, un protocolo de actuación para a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

Por outra parte, o artigo 95.2.b) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público, aplicable ás empregadas e empregados públicos que traballen na Administración Xeral do Estado (AXE) tipifica como falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, lingua, opinión, lugar de nacemento ou vecindade , sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como o acoso por razón de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual e acoso moral.





Concello de Pedrafita do Cebreiro

Atendendo á obriga establecida no artigo 62 da citada Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes , no protocolo que se negociou na Mesa Xeral de Negociación sendo aprobada por acordo de data 7/05/2025.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro..- Aprobar inicialmente o Protocolo para a Prevención do Acoso Laboral, Sexual e por razón de Sexo do Concello de Pedrafita do Cebreiro, nos termos nos que figura no expediente.

Segundo.- Someter dito Protocolo a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do protocolo no portal web do concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.”

Sometida a votación, o Pleno da corporación municipal por unanimidade dos seus concelleiros ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a proposta de alcaldía transcrita en dito acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde - Presidente, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

